

O final lóxico do NON á mina de feldespatos atrasarase por unha reorganización administrativa do PP

O BNG está xunto ás veciñas e veciños apoiando a “tractorada” de mañá xa que, ao tratarse dunha decisión política do goberno do PP, nada está aínda pechado definitivamente.

Xinzo da Limia, 24 de maio de 2013. O pasado día 15 de maio entrou en vigor a ORDE do 24 de abril de 2013 sobre **delegación de competencias en materia de planificación e ordenación mineira** da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas nas Xefaturas Territoriais da Consellería de Economía e Industria, isto vai supor **un novo atraso dun mes, como mínimo, na resolución definitiva do expediente da mina de feldespatos** e engade novas incertidumes ao proceso.

Hoxe remataba o prazo de alegación aos informes ditados polas consellarías ao respecto do expediente da mina de feldespatos, varios dos cales eran favorábeis ao proxecto. Nembargantes **os informes emitidos por Medio Rural e pola CHM-S danlle a razón aos veciños ao considerar o impacto na actividade agro-gandeira como moi negativo e a afectación sobre o réxime de augas da zona como infra-valorada** na documentación presentada por Minerker. Estes eran dous eixos principais das teses defendidas polo BNG co cal, na nosa opinión, a **consecuencia dos mesmos a única decisión lóxica sería a de rexeitar o proxecto.**

Neste contexto a **presión veciñal organizada en torno á Plataforma Corno do Monte revelouse como fundamental á hora de configurar o resultado final**, polo cal a mobilización convocada para mañá resulta plenamente vixente e dende o BNG estaremos xunto ás veciñas e veciños apoiándoa xa que, **ao tratarse dunha decisión política do goberno do PP e malia as declaracións aos medios, nada estará pechado definitivamente mentres non apareza publicado no DOG.**

A ameaza persiste mentres non se cambie a lei

Máis aló do caso concreto dos feldespatos imos seguir vixiantes diante da ofensiva mineira da Xunta do PP. Neste senso **é preocupante a actual tramitación do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza (PSAEG)** impulsado pola Cámara Mineira e que non deixa nin un só metro cadrado do país a salvo da ameaza dun posíbel aproveitamento mineiro.

Dende o BNG **seguiremos a reclamar a declaración dunha figura de protección para a Limia que nos blinde definitivamente contra este tipo de explotacións** xa que nada impide que Minerker volte ao ataque nun futuro próximo cunha lexislación máis favorábel, nin que novos proxectos, como o LUIS-4943 que denunciámos hai uns días, ou outros poidan botar a andar en calquera intre.

Oficina de Imprensa. BNG Xinzo da Limia. imprensa@bng-xinzo.org
Contacto: Ramiro Rodríguez Suárez (667 727 911)

Xinzo da Limia | 24-5-2013



Grupo Local do Bloque Nacionalista Galego de Xinzo da Limia
Rúa Río Arnoia, 14 - Local 18 (Multicentro, 1ºP) - 32630 Xinzo da Limia, Ourense (Galiza, UE) * Tlf/Fax: 988 461 360

info@bng-xinzo.org | www.bng-xinzo.org | @bngxinzo

NOTA DE IMPRENSA. PRÉGASE A SÚA DIFUSIÓN.